

Paseo Literario ...

PARADA 9: FUNDACIÓN CARLOS CASARES

A [Fundación Carlos Casares](#) está situada no edificio municipal que leva por nome Casa Fernando Carrera, na rúa Oporto. Constituíuse o 9 de setembro de 2002. A Fundación nace co obxectivo de difundir a vida e a obra do escritor e servir de lugar de encontro para a reflexión sobre a sociedade e sobre a cultura na que vivimos.

A Fundación naceu aos poucos meses de falecer o escritor e a súa primeira presidenta foi Kristina Berg, a muller do escritor. Ela encargouse de transmitir o seu legado.

Actualmente Xavier Casares Mouriño, irmán de Carlos, é o seu presidente.



VIGO: A MAN DA XENTE

En Vigo non se presinte a Historia, séntese máis ben a natureza da man da xente.

A natureza está na imponente xeoloxía dos montes que rodean a cidade, que Hemingway describía desde o barco que o levaba ata París como “grandes dinosaurios deitados á beira do mar”. Está tamén na auga e nas árbores, nos peixes e na mar salgada.

A man da xente está por todas partes: no trazado dos camiños, na construción dos barcos, na pedra traballada dos canteiros, no labor dos oficios.

De natureza chéganos un recendo claro: o cheiro múltiple do monte, no que se mesturan a fragancia delicada das flores coa olor variada das distintas árbores, os piñeiros e os carballos, as mazairas e as pavieiras.

Chéganos tamén o cheiro a marusía, a peixe, a polbo, a brea, á madeira traballada polos calafates. [...]

“Vigo: a man da xente” en *O expresos da literatura*, 2017 (pp. 111-124) . Vigo: Galaxia

Carlos Casares